

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 27 de xaneiro de 2025**

Con data vinte e sete de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luis Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a María Teresa Barge Bello

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado provincial D. César Manuel Fernández Gil, que escusa a súa ausencia.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de xaneiro de 2025.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 20 de xaneiro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A DEPORTISTAS OURENSÁNS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS DURANTE A TEMPORADA 2023 - 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a deportistas ourensáns cualificados en modalidades deportivas individuais durante a temporada 2023–2024, convocatoria 2025, con suxeición ás seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto:

1. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrência competitiva, de becas a deportistas ourensáns cualificados en modalidades deportivas individuais durante a temporada 2023 - 2024, coa finalidade de fomentar a práctica deportiva e incentivar aos deportistas ourensáns cualificados mediante o recoñecemento da súa traxectoria e rendemento deportivo.

2. De conformidade co establecido no artigo 8.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, no seu parágrafo segundo, a presente convocatoria intégrase no Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do Inorde para o período 2024-2027, contribuíndo ao fomento do deporte.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións obxecto destas bases as persoas físicas nadas no ano 2012 ou anos anteriores, que sexan deportistas federados, de categorías de base ata absoluta, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto, os practicantes de deportes de equipo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Que posúíran ficha federativa por algún club deportivo da provincia de Ourense durante a temporada 2023-2024, e que residan e adestren regularmente e con continuidade na provincia de Ourense.

b) Aqueles deportistas ourensás que non posúan licenza federativa por ningún club ourensán na temporada 2023-2024, pero, malia o anterior, se mantivesen vinculados ao deporte ourensán durante esa temporada, debido á inexistencia de clubs ourensáns desa disciplina ou especialidade deportiva ou á inadecuación destes clubs para o seu nivel de rendemento deportivo.

c) Aqueles deportistas con resultados relevantes en dúas ou máis modalidades deportivas, unicamente poderán presentar solicitude para a modalidade na que consideren que obterán maior puntuación.

Polo tanto, soamente se admitirá unha solicitude de axuda por deportista.

Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 40.000,00 euros.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

As subvencións terán unha contía máxima de 3.000,00 euros por solicitante. Poderán concederse subvencións de diferente contía, en función dos méritos e categoría dos deportistas solicitantes.

Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación:

Quinta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade da seguinte maneira:

- a) As persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coa administración para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos.
- b) As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica, están obrigadas a relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

Quinta 2. Prazo de presentación:

O prazo improrrogable de presentación iniciarase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o **28 de febreiro de 2025**, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Quinta. 3. Documentación que debe presentarse:

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación avaliable, para a valoración dos méritos do solicitante.

O detalle da documentación administrativa e avaliable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa:

a. 1) Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

a. 2) No caso de que a solicitude sexa presentada a través de representante, deberá achegarse autorización escrita asinada polo interesado, autorizando ao dito representante para solicitar a subvención ou axuda. Non será precisa esta autorización no caso de solicitudes de menores de idade subscritas polo pai, nai ou titor legal.

a. 3) Os solicitantes incluídos na letra a), da base segunda, deberán achegar a licenza do club deportivo da provincia de Ourense ao que pertencen.

a. 4) Os solicitantes incluídos na letra b), da base segunda, por inexistencia de clubs ourensáns da súa disciplina ou especialidade deportiva, deberán achegar unha certificación emitida polo órgano correspondente da federación competente, acreditativa desta circunstancia, e a licenza federativa do club ao que pertencen.

a. 5) Os solicitantes incluídos na letra b) da base segunda por causas diferentes á sinalada no parágrafo anterior deberán achegar unha declaración responsable onde conste a causa xustificativa de que non posúan licenza federativa nun club ourensán. Presentarán, ademais, a licenza federativa do club ao que pertencen.

En todo caso, nos supostos a que se refire este apartado a.5) a Deputación Provincial, durante a instrución do expediente, poderá requirirles aos solicitantes a presentación de documentación adicional que de xeito motivado se estime necesaria para unha correcta acreditación da circunstancia xustificativa de que se trate, concedéndolle ao interesado un prazo de dez días hábiles para tal efecto.

a.6) Declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración deberá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

A declaración poderá ir subscrita polo solicitante ou polo seu representante legal, pai, nai ou titor.

a.7) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

A declaración poderá ir subscrita polo solicitante ou polo seu representante legal, pai, nai ou titor.

a.8) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente, agás que xa obre en poder da Deputación Provincial e non se producisen modificacións ao respecto.

a.9) Aqueles peticionarios que non presentaran resultados deportivos nos meses anteriores ao final do prazo de presentación das solicitudes, por mor dunha lesión ou enfermidade que impedira a súa participación na competición, deberán presentar un certificado médico que acredite a lesión que padecen.

a.10) Autorización, segundo o modelo anexo IV, para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso da publicación da proposta provisional de resolución e do acordo de resolución do concurso. A presentación deste documento non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude e ao acordo de resolución do concurso, publicándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica e a páxina web da Deputación, e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 10ª, respectivamente.

a.11) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o seu DNI ou documento equivalente de acreditación da súa identidade, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas. Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar o seu DNI ou documento equivalente coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante un escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación para a valoración da solicitude:

Méritos deportivos recollidos no anexo V. Para os efectos desta convocatoria, a temporada enténdese comprendida entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024.

É obrigatorio cubrir completamente todos os apartados do anexo V da convocatoria, excluíndose da valoración aqueles apartados que non veñan debidamente cubertos e

asinados pola federación deportiva correspondente. Para estes efectos, o anexo deberá vir certificado pola Secretaría da federación galega correspondente, acreditando que os méritos deportivos alegados son certos. No caso de que o anexo se emita en documento en papel, a sinatura e selo da Secretaría da Federación debe figurar en cada folia.

Naqueles supostos nos que o anexo V, acreditativo dos méritos do deportista e certificado pola federación galega correspondente, se rexistre de entrada fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria para a presentación de solicitudes de subvención, non será admitido a trámite, salvo que o solicitante acredite que presentou o escrito de solicitude dos méritos ante a federación galega en prazo.

En todo caso, a efectos informativos e co fin de facilitar a xestión do procedemento, recoméndaselles aos interesados que soliciten a certificación da federación deportiva coa antelación suficiente.

Ademais, e con carácter exclusivamente informativo, o solicitante poderá incorporar toda aquela documentación que enriqueza o seu expediente, como vídeos de competición recortes de prensa, dossier persoal, páxinas web, fotos, etcétera. Neste senso, faise constar que a dita documentación adicional deberá presentarse en tamaño folio A4, e cun máximo de 5 folios.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática se admitirá a presentación de copias.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

Quinta.4: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, e sen prexuízo da posibilidade de requirir documentación complementaria no suposto sinalado no apartado 3.a).5 desta base, a documentación avaliable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, en

adiante RGPD, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, en adiante LOPDGDD, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do RGPD, Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600 e correo electrónico: dpd@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.depourense.es as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración Pública concedente (artigo 6.1.c) do RGPD, e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (fomento da cultura) perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do RGPD.

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen, para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do RGPD.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial, ben na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense; ou no correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es, así como no correo do DPD: dpd@depourense.es

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do RGPD, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima.- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación avaliable, sen prexuízo da posibilidade de requirir documentación complementaria no suposto sinalado na base quinta.3, apartado a).5.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais para o ano 2025. No caso de non presentar a

autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 9, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Para a achega desta documentación, poderá utilizarse como escrito de remisión o modelo recollido no anexo VI destas bases.

Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e unha vez instruído o expediente pola Sección de Subvencións, este pasará á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto aos peticionarios que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto dos peticionarios, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

3. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a deportistas ourensáns cualificados en modalidades deportivas individuais durante a temporada 2023 – 2024, convocatoria ano 2025. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a), non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 9ª.

Oitava.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: O deputado delegado de deporte.

Vogais:

A interventora da Deputación ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

O secretario xeral da Deputación ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

O xefe do Servizo de Deportes ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

A xefa do Negociado de Concursos ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, ou funcionario/a que legalmente a substitúa, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

A Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva do Servizo de Intervención e do Servizo de Deportes da Deputación Provincial de Ourense, que actuarán como asesores da comisión.

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As actuacións da comisión documentaranse en acta, que será asinada polo Presidente e pola Secretaria.

Novena.- Criterios para a concesión de subvencións:

Para a concesión das axudas, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración observará os seguintes criterios:

- 1) Ter sido beneficiario destas subvencións durante o pasado ou pasados exercicios, pola continuidade que deben ter estas axudas.
- 2) Ter participado en campionatos galegos convocados polas súas respectivas federacións.
- 3) Ter participado en campionatos de España convocados polas súas respectivas federacións.
- 4) Ter participado en campionatos de Europa convocados polas súas respectivas federacións.
- 5) Ter participado en campionatos do mundo convocados polas súas respectivas federacións.
- 6) Ter participado en xogos olímpicos.
- 7) Ter sido seleccionado coa Selección Galega para probas oficiais.
- 8) Ter sido seleccionado coa Selección Española para probas oficiais.
- 9) Ter participado noutras competicións relevantes como Copas do Mundo, Campionatos de España Universitarios, Universíadas, Xogos Mediterráneos ou competicións de similares características.
- 10) Ter a consideración durante esta temporada de deportista nacional de alto nivel, deportista galego de alto nivel, deportista galego de alto rendemento e deportista galego de rendemento deportivo de base.

11) Tamén se valorará a permanencia en centros de alto rendemento e tecnificación nacionais ou autonómicos, ou a participación en xornadas ou concentracións nacionais.

12) A traxectoria do deportista nas últimas tempadas que permita coñecer a progresión deportiva do solicitante.

13) Posuír outras especiais circunstancias deportivas, razoando de xeito motivado en que consisten.

Os criterios referenciados anteriormente valoraranse para cada deportista, adxudicándose as puntuacións que se indican conforme ao baremo que se sinala a continuación:

A) Ter sido beneficiario destas axudas en edicións anteriores:

4 puntos cada vez que estivo incluído no grupo primeiro.

3 puntos cada vez que estivo incluído no grupo segundo.

2 puntos cada vez que estivo incluído no grupo terceiro.

1 punto cada vez que estivo incluído no grupo de axudas extraordinarias.

B) Participación en campionatos, outras competicións relevantes e en rexistros de deportistas:

Este apartado avaliará:

B.1.- Os resultados obtidos polo deportista nas diferentes competicións autonómicas, estatais ou internacionais.

B.2.- A súa inclusión nas seleccións oficiais galega ou española.

B.3.- A súa inclusión nos rexistros oficiais de deportistas autonómico ou/e estatal e a estancia en centros de alto rendemento e tecnificación nacionais ou autonómicos, ou a participación en xornadas de tecnificación de ámbito estatal.

Asignaranse as puntuacións do xeito seguinte, ata os máximos indicados en cada caso:

Campionato Galego

Categoría	Olímpica				Non olím.			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Sénior	45	31	19	11	20	10	5	2
Júnior	30	21	13	8	10	5	3	1
Base	15	10	6	4	5	3	1	0

Campionato España

Categoría	Olímpica				Non			
-----------	----------	--	--	--	-----	--	--	--

					olím.			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Sénior	90	63	38	23	30	20	15	10
Júnior	60	42	25	15	20	15	10	5
Base	30	21	13	8	10	5	3	1

Campionato Europa

Categoría	Olímpica				Non olím.			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Sénior	150	105	84	67	60	50	40	30
Júnior	90	63	50	40	40	30	20	10
Base	45	31	25	20	20	10	5	2

Campionato Mundo

Categoría	Olímpica				Non olímpica			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Sénior	300	210	168	134	100	80	60	50
Júnior	150	105	84	67	60	50	40	30
Base	90	63	50	40	40	30	20	10

Xogos Olímpicos

Disciplinas olímpicas: Ata 500 p. (soamente en anos olímpicos)

Outras competicións relevantes.

Categoría	Olímpica	Internac.	Estatat		Non olím.	Internac.	Estatat	
	Podio	Participa	Podio	Particip.	Podio	Participa	Podio	Particip.

						.		
Sénior	70	45	30	20	30	20	15	10
Júnior	55	35	25	16	20	15	10	5
Base	30	20	15	10	10	5	3	1

Selección Galega

Disciplinas olímpicas: Sénior (ata 45 p.) Júnior (ata 30 p.) Base (ata 15 p.)

Disciplinas non olímpicas: Sénior (ata 20 p) Júnior (ata 10 p.) Base (ata 5 p)

Selección Española

Disciplinas olímpicas: Sénior (ata 90 p.) Júnior (ata 60 p.) Base (ata 30 p.)

Disciplinas non olímpicas: Sénior (ata 30 p) Júnior (ata 20 p.) Base (ata 10 p)

Inclusión en rexistros oficiais de deportistas:

Deberá ser requisito para poder valorar este apartado, que os deportistas obtivesen resultados individuais en campionatos oficiais da temporada valorable (campionatos galegos e/ou campionatos de España), salvo lesión debidamente xustificada.

Deportista nacional de alto nivel: 150 puntos

Deportista galego de alto nivel: 125 puntos

Deportista galego de alto rendemento: 50 puntos.

Deportista galego de rendemento deportivo de base: 10 puntos.

Estancia acreditada en centros e xornadas de tecnificación deportiva (Este punto deberá acreditarse documentalmente polo centro de tecnificación).

- Estancia en centros nacionais: 50 puntos.
- Estancia en centros autonómicos: 30 puntos
- Participación en xornadas de tecnificación deportiva nacionais: ata un máximo de 10 puntos.

C) Traxectoria do deportista

Este apartado avaliará a traxectoria do deportista nas últimas catro anualidades. As puntuacións asignaranse en atención aos criterios seguintes:

A valoración realizarase polos datos obtidos do anexo correspondente, por resultados deportivos dos últimos catro anos, e de conformidade cos seguintes aspectos:

1. A todo deportista que presente unha traxectoria descendente, ou que non presente unha participación en campionatos oficiais, galegos ou nacionais, no último ou últimos anos, asignaráselle 0 puntos.

2. Os deportistas que manteñan unha traxectoria de resultados relevantes a nivel galego nos últimos anos, serán valorados con ata 50 puntos, en función da súa categoría. (20-30-50)

3. Os deportistas que presenten unha traxectoria de resultados relevantes que supoñan unha proxección nacional, serán valorados con ata 75 puntos en función da súa categoría.(40-60-75)

4. Por último, os deportistas que presenten unha traxectoria de resultados relevantes que supoñan unha proxección internacional, serán valorados con ata 100 puntos, en función da categoría.(50-75-100)

Na valoración deste apartado C) terase en consideración o reflectido polo solicitante nesta temporada. Non deberá haber unha asignación automática de puntos neste apartado, se non hai unha confirmación de resultados deportivos nesta temporada.

D) Outras especiais circunstancias deportivas

Neste apartado a comisión avaliadora poderá puntuar de xeito razoado, e ata un máximo de 40 puntos, aquelas especiais circunstancias deportivas que teñan difícil encaixe nos apartados anteriores (récores, ranking ou compensación por lesión).

E) Regras de aplicación de determinados criterios de valoración:

E.1 .- En relación coas categorías deportivas por idades:

En relación con este aspecto, e ante a enorme dificultade e diversidade de categorías das distintas disciplinas deportivas, establécese, a este respecto, a seguinte catalogación xeral:

Sénior: categoría absoluta da modalidade.

Júnior: categoría inmediatamente inferior a sénior. Nalgunhas federacións será júnior, pero noutras a denominación é “xove”, “promesa”, “xuvvenil” “sub 19” “sub-23” etcétera.

Base: todas as etapas de formación anteriores a júnior e sénior

Á Comisión de Valoración corresponderalle, no caso de dúbidas, determinar en cal das tres categorías se incluíra o deportista solicitante.

E.2.- En relación coa inclusión no apartado de seleccións:

Só se terá en consideración a inclusión nas seleccións galega ou española, puntuándose unha única convocatoria por temporada deportiva.

No caso de acreditar convocatoria nas dúas seleccións, unicamente se valorará a de maior puntuación.

Neste suposto, deberán acreditar a convocatoria á que fagan referencia na súa solicitude, aportando certificación federativa da dita participación.

Soamente se terán en conta aquelas convocatorias para participar en campionatos oficiais de seleccións autonómicas ou nacionais.

E.3.- En relación coa puntuación dos campionatos galegos ou/e españois

Co fin de unificar criterios para todas as federacións e dada a diversidade, heteroxeneidade e tipoloxía de campionatos nacionais e autonómicos, unicamente se terá en consideración un só resultado, o mellor, por deportista, por campionato e por temporada deportiva; aqueles campionatos que consten de diversas probas durante a temporada deportiva, só se terá en conta a clasificación final do deportista.

Esta regra responde á existencia de federacións de disciplinas deportivas que realizan un campionato de inverno e outro de verán, de ámbito nacional e autonómico. Pola contra, outras federacións só realizan un anual.

E.4.- En relación coa consideración de resultados individuais:

Só se terán en consideración resultados individuais no apartado de competicións, e traxectoria deportiva. Non se valoran probas de conxunto ou grupo. Por exemplo, nas probas de 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, ou supostos análogos.

Pola contra, incluíranse os resultados colectivos no apartado de “formar parte de seleccións galega ou española” cando figuren os resultados de competicións formando parte dalgunha delas.

En todo caso, para ter en consideración algún resultado, terán que participar polo menos dez deportistas na competición de que se trate

F.- Puntuación mínima e clasificación en grupos:

Unha vez coñecida a puntuación final, a Comisión de Valoración, en atención ao número de solicitudes presentadas, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións.

Para o outorgamento de axudas, establécese unha clasificación en grupos, en atención á importancia e categoría dos deportistas baremados e a puntuación obtida, para os únicos efectos de determinar as contías das subvencións, asignando unha contía fixa por grupo (1º, 2º, 3º e axudas extraordinarias).

Décima.- Resolución:

A proposta definitiva da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou

desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

As axudas entenderanse aceptadas, agás que os beneficiarios comuniquen expresamente o seu rexeitamento no prazo de dez días desde a publicación do acordo de resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Décimo primeira.- Publicidade do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de axudas a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais para o ano 2025, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3a) punto 9, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da

resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo segunda: Xustificación e pago da subvención:

As subvencións consideraranse xustificadas coa achega da certificación acreditativa dos méritos deportivos alegados, requirida na documentación para a valoración da solicitude, na base quinta, apartado b).

Sen prexuízo do anterior, a Intervención da Deputación poderá realizar as oportunas funcións de inspección e control financeiro, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

O pago das subvencións realizarase mediante unha transferencia bancaria ao número de conta indicado polo beneficiario.

Décimo terceira.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Décimo cuarta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:

1. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles:

- a) Con calquera outra axuda ou patrocinio público ou privado que poidan recibir os deportistas.
- b) Con calquera subvención pública que teña unha finalidade diferente, sen prexuízo do establecido no apartado 2.
- c) Con subvencións públicas para a mesma finalidade, sempre que sexan concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do INORDE.

2. Sen prexuízo do anterior, ningún deportista individual poderá recibir da Deputación Provincial de Ourense ou do INORDE subvencións durante o exercicio 2025 que, en conxunto, sumen un importe superior a 3.000 euros, polo que, se é o caso, na resolución desta convocatoria se axustará o importe concedido das subvencións que correspondesen para que non se exceda o dito límite.

No suposto de que as subvencións xa concedidas pola Deputación ou o INORDE tivesen un importe igual ou superior a 3.000 euros, non procederá a concesión de subvención ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo de que a resolución do concurso poida proceder a un recoñecemento formal do mérito deportivo do solicitante.

Décimo quinta.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Xunta de Goberno.

Décimo sexta.- Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º.- Os anexos aos que fan referencia as citadas bases figuran, para coñecemento e efectos oportunos, na Sección de Subvencións e publicaranse, xunto co pertinente acordo, no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- Aprobar a convocatoria das referidas bases e ordenar a publicación do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE BAÑO SOBRE O RÍO EDO NA ÁREA “PONTE DAS TÁBOAS”, TERMO MUNICIPAL DE CASTRO CALDELAS.

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1.- Responder ás alegacións formuladas polos propietarios dos terreos afectados, con base no informe emitido polo xefe do Negociado de Expropiacións da Deputación de Ourense, cuxo teor literal é o seguinte:

“Jaime Antonio Pintos Pérez, xefe do Negociado de Expropiacións da Deputación de Ourense, expón:

Que logo de que se sometese a información pública, nos termos previstos no artigo 18 da Lei de expropiación forzosa, a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa para a execución da obra “PROYECTO DE RESTAURACIÓN MEDIOAMBIENTAL DE LA ZONA DE BAÑO SOBRE EL RÍO EDO EN EL ÁREA “PONTE DAS TÁBOAS” T.M.

DE CASTRO CALDELAS (OURENSE)”, formuláronse alegacións por parte da herdeira de D. Manuel Rodríguez Arias (dona Milagros Rodríguez Rodríguez), as cales dan lugar a emisión do presente

INFORME

Solicitan:

I.- A modificación da titularidade do ben afectado, posto que no catastro o titular é MANUEL RODRÍGUEZ ARIAS (HEREDEROS DE), sen embargo os titulares reais en réxime de proindiviso, en calidade de herdeiros, os que se relacionan de seguido coas porcentaxes de participación correspondentes:

- MARIA DEL PILAR RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, con NIF 70714954H 25 %
- MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, con NIF 70710330T — 25 %
- MILAGROS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, con NIF 76710335E25 %
- CARLOS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, con NIF 76723176Y — 25 %

Ostentando o usufruto do parcela a esposa do finado dona PILAR RODRÍGUEZ ARIAS, con NIF 34538374X.

Establecendo como domicilio a efectos de notificacións o consignado na devandita solicitude.

Esta alegación deberá ser estimada, cambiando o titular da expropiación os referidos propietarios.

II.- Esta alegación deberá ser desestimada, por non conter ningunha petición.

III.- Manifesta a parte expropiada que no escrito remitido só se fai mención a superficie afectada pola expropiación sen que nel figuren elementos susceptibles de valoración como é o arborado presente na parcela, así como os valados perimetrais e outros de similar índole. Examinados os bens presentes no predio, obsérvase que efectivamente existe masa arbórea, estimándose unha proporción de 0,009 pes por metro cadrado de carballo de 30 anos, e de 0,017 pes por metro cadrado de carballos de 17 anos.

Esta alegación deberá ser estimada, establecendo as proporcións de masa arbórea consonte o reflectido. (0,009 pes por metro cadrado de carballo de 30 anos, e de 0,017 pes por metro cadrado de carballos de 17 anos).

IV. – Esta alegación ten que ser desestimada, posto que nesta fase do procedemento non procede entrar na valoración dos bens, xa que a devandita expropiación forzosa segue o procedemento de urxencia previsto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, no que a determinación de prezo xusto constitúe unha fase posterior. Nesta fase soamente se establecen as titularidades, bens e dereitos a expropiar.

Esta alegación deberá ser desestimada, por non ser o momento procedimental oportuno.

V.- Esta alegación ven a solicitar a expropiación total do predio posto que a expropiada considera que a expropiación parcial supón un prexuízo excesivo para a viabilidade da explotación da parcela. En vista de que a ocupación definitiva reflectida no proxecto supón máis do 50% da mesma, procede a expropiación completa dos 2.114 metros cadrados.

Esta alegación deberá ser estimada, procedéndose a expropiación total do predio.

É canto cabe informar, sen prexuízo doutros criterios mellor fundados en Dereito”.

2.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, das obras de “proxecto de restauración medioambiental da zona de baño sobre o río Edo, na área “Ponte das Táboas”, cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante o Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente realizada o día sete de novembro de dous mil vinte e catro, o atoparse incluídas, no Plan provincial de COOPEROU do ano 2024 (BOP nº 59, de 22 de marzo de 2024)

3.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos bens e dereitos necesarios para execución das obras “proxecto de restauración medioambiental da zona de baño sobre o río Edo, na área “Ponte das Táboas”, termo municipal de Castro Caldelas (Ourense)”, para os efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e de conformidade co reflectido no cadro seguinte:

Nº. Expte.	Políg.	Parc.	Referencia Catastral	Propietarios	Afección (m2)
1	24	5	32024A02400005000	María del Pilar Rodríguez Rodríguez Manuel Rodríguez Rodríguez Carlos Rodríguez Rodríguez	2.114 m2

4.- Notificarlles esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

* Información: Negociado de Expropiacións: rúa do Progreso nº 32, Ourense 32003, (tfno:988317535,expropiaciones@depourense.gal).

4º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

5º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e cinco minutos do referenciado día vinte e sete de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.